



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZASEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Carlos López López

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezaseis de maio de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten as señoras deputadas dona M^a. del Pilar García Porto, dona Iria Castro Fernández e o señor deputado don Iván Castro Díaz.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	1/126



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA NOVE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día nove de maio de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, O CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS E A CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO NOS DISTINTOS CENTROS PERTENCENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento das instalacións térmicas, o control e prevención da lexionelose e a calidade da auga de consumo dos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, expediente 2025/CON_02/000052, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7S6HXMFPZPU4UV6ADYHE5Y.
2. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7S62RZDXXIIVJL2MFFMYKD6I.
3. Informe de Intervención relativo á consignación orzamentaria con CSV: IV7UE4LLBNRJ5WP64FPA7YHD5Y.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S2WTKPRO6XBF5QDWN57RAAY.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7S2WTL3LRKZOGD2IVN55YG6I.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación do servizo de mantemento das instalacións térmicas, o control e prevención da lexionelose e a calidade da auga de consumo dos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, expediente 2025/CON_02/000052, cun prazo de duración de dous anos, con posibilidade dunha prórroga por outros dous anos.

2º.- Aprobación do contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Página	2/126	



contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 213.180,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 44.767,80 €, o que fai un total de 257.947,80 €, atendendo ao seguinte desglose:

	CENTRO	APLIC. ORZAM.	IMPORTE MANTO. ANUAL (2026), IVE INCLUIDO	RC	IMPORTE MANTO. ANUAL (2027), IVE INCLUIDO	RC
1	Pazo Provincial de San Marcos	9200.212	10.684,30 €	220259/137	9.474,30 €	220259/137
2	Santa María	9200.212	10.684,30 €	220259/138	9.474,30 €	220259/138
3	Museo Provincial	3330.212	10.684,30 €	220259/139	9.474,30 €	220259/139
4	Escola de Imaxe e Son	3241.212	6.534,00 €	220259/140	5.808,00 €	220259/140
5	Pazo dos Deportes	3420.212	12.221,00 €	220259/141	11.253,00 €	220259/141
6	Edificio Miño	9200.212	6.776,00 €	220259/142	5.808,00 €	220259/142
7	Parque Móvil Provincial	9201.212	3.811,50 €	220259/143	3.085,50 €	220259/143
8	C. P. de Programas	3241.212	3.811,50 €	220259/144	3.085,50 €	220259/144
9	Graxa Gayoso Castro	4120.212	3.388,00 €	220259/145	2.178,00 €	220259/145
10	C.I. Terras do Miño	1729.212	1.331,00 €	220259/146	1.089,00 €	220259/146
11	Cestería	2413.212	1.076,90 €	220259/147	834,90 €	220259/147
12	Oficinas de Santo Domingo	9200.212	1.076,90 €	220259/148	834,90 €	220259/148
13	Escola de Piragüismo	3421.212	1.076,90 €	220259/149	834,90 €	220259/149
14	Museo de San Paio de Naria	3331.212	1.802,90 €	220259/150	834,90 €	220259/150
15	Museo do Mar	3333.212	1.560,90 €	220259/151	834,90 €	220259/151
16	Museo do Pazo de Tor	3332.212	2.044,90 €	220259/152	834,90 €	220259/152

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	3/126



	CENTRO	APLIC. ORZAM.	IMPORTE MANTO. ANUAL (2026), IVE INCLUIDO	RC	IMPORTE MANTO. ANUAL (2027), IVE INCLUIDO	RC
17	Antiga bodega Pazo de Tor	1720.212	1.560,90 €	220259/153	834,90 €	220259/153
18	Mazo de Santa Comba	1729.212	1.076,90 €	220259/154	834,90 €	220259/154
19	Club Náutico de Aguasmestas	9330.212	1.076,90 €	220259/155	834,90 €	220259/155
20	Club Náutico de Doade	4321.212	1.076,90 €	220259/156	834,90 €	220259/156
21	Club Náutico de Portomarin	4321.212	1.076,90 €	220259/157	834,90 €	220259/157
23	Club Náutico de Belesar	4321.212	1.076,90 €	220259/158	834,90 €	220259/158
24	Edificio administrativo (San Marcos 11)	9330.212	1.439,90 €	220259/159	834,90 €	220259/159
25	Apiario	1720.212	1.076,90 €	220259/160	834,90 €	220259/160
26	Área Recreativa Los Robles	9330.212	1.076,90 €	220259/161	834,90 €	220259/161
27	TODOS OS CENTROS (Bolsa de horas, materiais e analíticas de comprobación)	9200.212	47.795,00 €	220259/162	47.795,00 €	220259/162
	TOTAL		136.899,40 €		121.048,40 €	

A presente proposta de gasto anticipado cumpre o establecido no artigo 117.2 da LCSP e na base 18ª de execución do Orzamento Xeral.

Que o mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades do 2026 e 2027, a Deputación adquire o compromiso, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, nos orzamentos do 2026 e 2027, as cantidades indicadas nas aplicacións orzamentarias procedentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS, CONTROL E PREVENCIÓN DA LEXIONELOSIS E DESRATIZACIÓN, DESINSECTACIÓN E DESINFECCIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TRABADA, MEIRA, POL, CASTROVERDE, A FONSGRADA, PEDRAFITA DO CEBREIRO, NAVIA DE SUARNA, RIBAS DE SIL E RIBADEO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexionelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2025/CON_02/000049, consta no mesmo:

1. Orden de inicio de expediente de contratación. CSV: IV7SYIKT3YEZ7FH73T6X7ZHGG4¹.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	4/126





2. Memoria xustificativa do contrato. CSV: IV7SYIKT3YEZ7FH73T6X7ZHGG4.
3. Prego de prescricións técnicas. CSV: IV7S4SSKAEMKRRK6YCYGUOMQOEY.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito. CSV: IV7S4UALJ35LLHBITVWUAIBRAU.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares.
CSV: IV7S2YPOZA6TJOXKDQOVETQKQ.
6. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7S2YP7Z7UYZSF22XUXD5JH44.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7S26KMDAJLV6FCCJFAKYQOY.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións térmicas, control e prevención da lexiónelosis e desratización, desinsectación e desinfección nos centros de atención as persoas maiores de Trabada, Meira, Pol, Castroverde, a Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna, Ribas de Sil e Ribadeo, 2025/CON_02/000049, para unha duración de dous anos coa posibilidade dunha prórroga de outros dos anos mais.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	5/126



previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 212.745,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 44.676,45 €, o que fai un total de 257.421,45 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O importe financiarase de acordo coas seguintes anualidades:

CAMS	APLICACIÓN	TOTAL	RC 2025	TOTAL	RC 2026	TOTAL	RC 2027	TOTAL 25-27
CAM TRABADA	2315.212	3.539,25	22025/10023	14.550,25	220259/124	10.859,75	220259/124	28.949,25
CAM MEIRA		3.466,65	22025/10024	14.386,90	220259/125	10.769,00	220259/125	28.622,55
CAM POL		3.466,65	22025/10026	14.386,90	220259/126	10.769,00	220259/126	28.622,55
CAM CASTROVERDE		3.466,65	22025/10028	14.259,85	220259/127	10.641,95	220259/127	28.368,45
CAM FONSAGRADA		3.466,65	22025/10029	14.386,90	220259/128	10.769,00	220259/128	28.622,55
CAM PEDRAFITA		3.466,65	22025/10030	14.386,90	220259/129	10.769,00	220259/129	28.622,55
CAM NAVIA DE SUARNA		3.466,65	22025/10032	14.259,85	220259/130	10.641,95	220259/130	28.368,45
CAM RIBAS DE SIL		3.466,65	22025/10033	14.386,90	220259/131	10.769,00	220259/131	28.622,55
CAM RIBADEO		3.466,65	22025/10034	14.386,90	220259/132	10.769,00	220259/132	28.622,55
		31.272,45		129.391,35		96.757,65		257.421,45

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2026 e 2027 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO CICLO DE PROXECCIÓNS MESTRE MATEO, QUE CONSISTE NA PROXECCIÓN DE 4 LONGAMETRAXES DE FICCIÓN: “AS NEVES”, “+CUÑADOS”, “HONEYMOON” E “XUSTIZA ARTIFICIAL” E 4 LONGAMETRAXES DOCUMENTAIS: “AURORA”, “FILMEI PAXAROS VOANDO”, “PREFIRO CONDENARME” E “SALVAXE, SALVAXE”, FINALISTAS DOS XXIII PREMIOS MESTRE MATEO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do Ciclo Proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes de ficción: “As neves”,

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	6/126





“+Cuñados”, “Honeymoon” e “Xustiza artificial” e 4 longametraxes documentais: “Aurora”, “Filmei paxaros voando”, “Prefiro condenarme” e “Salvaxe, salvaxe”, finalistas dos XXIII Premios Mestre Mateo. Cada un dos filmes e dos documentais serán proxectados en:

Concello de Taboada.
Asociación Instituto de Estudos Chairegos– Vilalba.
Concello de Foz.
Concello de Pobra de Brollón.
Sociedade Cultural La Unión– Sarria.
Asociación Cultural Falcatrueiros– Monterroso.
Asociación Cultural Abordelar– A Fonsagrada.
Asociación Cultural M de Meira– Meira.

Consta no mesmo:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7SYSL5FJW6LGR2SJYDOAJSEY.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7SYSLSNZUCTJBD2F6H6M3Q4U.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7SYDCCLVEKT3UTQAGHGR2BGA.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7S2S2OMAMT7CMJDV6QF4RFKE.
5. Informe xurídico con CSV: IV7S2WTJLXVMZWGNYQMNIKR6U.
6. Fiscalización limitada previa, con CSV: IV7S22TLDREM734PCZ64M33EHY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do Ciclo Proxeccións Mestre Mateo que consiste na proxección de 4 longametraxes de ficción: “As neves”, “+cuñados”, “Honeymoon” e “Xustiza artificial” e 4 longametraxes documentais: “Aurora”, “Filmei paxaros voando”, “Prefiro condenarme” e “Salvaxe, salvaxe”, finalistas dos XXIII Premios Mestre Mateo. Expediente: 2025/CON_02/000053. Cada un dos filmes e dos documentais serán proxectados en:

Concello de Taboada
Asociación Instituto de Estudos Chairegos – Vilalba
Concello de Foz

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Página	7/126	

Concello de Pobra de Brollón
Sociedade Cultural La Unión – Sarria
Asociación Cultural Falcatrueiros – Monterroso
Asociación Cultural Abordelar – A Fonsagrada
Asociación Cultural M de Meira – Meira

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite á Asoc. Academia Galega do Audiovisual con NIF G15844145 a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 24.000€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 5.040 €, o que fai un total de 29.040 € de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO CONTROL DE CALIDADE RELATIVO ÁS OBRAS E ACTUACIÓNS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 09 de maio de 2025, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	8/126





“Antecedentes.

1. Orden de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7V2K7SBZXJJXNIDRMTP72TIE².
2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), con CSV: IV7VQMI6N5FJ5S4LSMIBHZ2A4Y.
3. Prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote II), con CSV: IV7V2LDKJIP53DX2SBGDP5SP4E.
4. Prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe do Parque Móbil (Lote III), con CSV: IV7V2LDKPAZ77KNY2JWFIVTTHY.
5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7VETLNP4UKQWV5WV4SCD3GOE.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7VEXHKIB7ZCLR65UYQ4ZAC6E.
7. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7VEXHILA6OJJHO2UHBKV77CI.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7VE2TL3IFT3NEIUIGSB3YB44.
9. Acordo de Xunta de Goberno do día 31 de xaneiro de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7VEH2MMFPPZZGI7UIGI4DGKM.
10. Anuncio de licitación, remitido ao DOUE o día 31/01/2025.
11. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 2 de febreiro de 2025 e no DOUE o día 3 de febreiro de 2025.
12. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
13. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 6 de marzo de 2025, con CSV: IV7SW3TPLRPTVCJ74EW4KEIPMU, na que se recolle o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Página	9/126	

concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADOR	LOTE/S AOS QUE SE PRESENTA
Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.	1,2,3
Investigación y Control Lugo S.L.	1,2,3

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, resultando que o Anexo I de ambas empresas se axusta aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir aos dous licitadores.

A mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico dos licitadores admitidos, relativo aos criterios avaliados mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP,. A Mesa acorda enviar a documentación contida en ditos sobres a informe e valoración do Servizo de Vías e Obras.

14. Informe avaliador dos criterios sometidos a xuízo de valor, con CSV: IV7SWOPPDZGMLBOCWBQMGAKBAM.

15. Acta da mesa de contratación do día 14 de marzo de 2025, con CSV: IV7SQYBIZEJ6ZRPSAFENEDSEGI, na que se recolle o seguinte:

En primeiro lugar dáse conta do informe con CSV:IV7SWOPPDZGMLBOCWBQMGAKBAM, emitido polo Servizo de Vías e Obras, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor do seguinte tenor literal:

“Con data 13.01.2025 recíbese no Servizo de Vías e Obras documentación enviada polo Servizo de Contratación, e incluída no arquivo “20250306113749707_2025_CON_02_000012 tecnica.zip”, para a contratación do servizo de Control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo. Lotes I, II e III. 2025/2026. (2025/CON_02/000012) achegada polas empresas licitadoras:

Eptisa Servicios de Ingeniería SL: EPTISA

Investigación y Control Lugo SL: INVECO

Dacordo co Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado para a contratación do servizo, como criterio de adxudicación propúxose a redacción dunha memoria:

“ ...

memoria na que se detallan as actividades e os recursos e medios materiais a empregar polo contratista para a execución do control de calidade nas obras e actuacións, organización da empresa (excluídos medios persoais), equipos e medios materiais necesarios para levar a cabo os ensaios. Valorarase a suficiencia, en cantidade, calidade e adecuación dos recursos e medios materiais cos que conte a empresa para a prestación do servizo de control de calidade e a metodoloxía de traballo que emprega:

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	10/126





o ata 20 puntos

a memoria detalla concreta e adecuadamente as actividades, recursos e medios a empregar: 100%

a memoria detalla cun grao de concreción medio as actividades, recursos e medios a empregar: 50%

a memoria non detalla as actividades, recursos e medios a empregar: 0%

a valoración de situacións intermedias motivaranse en función dos items indicados no enunciado do criterio.

..."

A memoria non poderá exceder de 12 páxinas, DIN A4, letra TimesNew Roman 12. Non serán tidas en conta aquelas páxinas que excedan de dito número máximo.

A redacción do informe é encomendada ao autor do Prego de Prescripcións Técnicas do lote II Héctor Diéguez Aranda.

Obxecto.

O presente informe ten por obxecto a valoración das ofertas técnicas presentadas polas mercantis: EptisaServicios de Ingeniería SL Investigación y Control Lugo SL na licitación do servizo Control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo. lotes I, II e III. 2025/2026. (2025/CON_02/000012).

Documentación aportada polos contratistas e análise.

Extensión e contido da memoria

A documentación presentada polas empresas é correcta en canto ao formato e a lonxitude requeridos no Prego.

Os laboratorios de ambas empresas atópanse habilitados nas mesmas áreas, suficientes para a execución do control de calidade das obras previstas nos distintos lotes (5,00 puntos ambas).

Ambos laboratorios detallan recursos, medios e equipos de características e cantidades suficientes para prestar o servizo de control de calidade dos traballos a executar (5,00 puntos ambas).

As empresas concretan as relacións entre os técnicos da deputación e o representante do adxudicatario (5,00 puntos ambas).

A empresa INVECO desenvolve con maior precisión a metodoloxía de traballo a empregar (INVECO 5,00 puntos, EPTISA 2,50 puntos).

Conclusión.

A xuízo do técnico que subscribe, e en base aos aspectos indicados no PCAP da licitación e á documentación achegada, fai a seguinte valoración das memorias:

EPTISA: 17,50 puntos

INVECO: 20,00 puntos"

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	11/126



O Enxeñeiro que emite o informe técnico refire en primeiro lugar que se fai unha avaliación conxunta dos tres lotes, posto que ambos licitadores presentan a mesma memoria – no tocante ao seu contido- para os tres lotes.

Acto seguido expón que ambos licitadores presentan unha relación de áreas nas que están homologados e descrición da maquinaria suficiente para cubrir as necesidades da Deputación de Lugo. Tamén describen como será a relación cos técnicos da Deputación , considerando que dita relación concorda cos requisitos esixidos pola Administración contratante.

A diferenza principal entre ambos licitadores atópase en que a empresa Inveco describe con maior amplitude o traballo interno, detalla máis a relación entre eles, a forma de comunicarse, os medios electrónicos que se emplearán,...etc, polo que desenvolve con maior precisión a metodoloxía de traballo a empregar, e consecuentemente obtén maior puntuación.

A Mesa, por unanimidade, acorda aceptalo e en consecuencia incorporar a puntuación informada polo técnico e proseguir coas actuacións relativas á licitación, polo que se procede a apertura dos sobres “oferta económica” que conteñen a oferta dos criterios avaliados mediante fórmulas ou valores automáticos, cos resultados que se transcriben acto seguido:

EXPEDIENTE 2025CON02_000012 CONTROL CALIDADE. LOTE 1								
LICITADOR	CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	DESCONTO SOBRE PREZO	VALORACIÓN	LICENCIADO EN XEOLOXÍA	VALORACIÓN	PLATAFORMA WEB	VALORACIÓN	VALORACIÓN TOTAL
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	17,50	4,80%	6,72	SI	20	SI	11	55,22
INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	20,00	35,00%	49	SI	20	SI	11	100,00

Acto seguido procédese á comprobación de se algunha das propostas está incurso en valores anormais ou desproporcionados, en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, cos seguintes resultados:

CONTRATO	LOTE 1 CONTROL CALIDADE.			
PRECIO BASE DE LICITACIÓN	51.544,56			
OFERTAS PRESENTADAS	Importe Oferta	Importe de la Baja	Porcentaje de Baja sobre precio base licitación	¿Baja Temeraria?
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	49.070,42	2.474,14	4,80%	No es Baja Temeraria
INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	33.503,96	18.040,60	35,00%	Es Baja Temeraria

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Investigación y Control Lugo S.L, para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: “... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	12/126





adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado”, ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

Acórdase que polo Servizo de Contratación se efectúen os trámites de xustificación de oferta desproporcionada existente e se convoque novamente á Mesa para exame do preceptivo informe técnico

EXPEDIENTE 2025CON02_000012 CONTROL CALIDADE. LOTE 2								
LICITADOR	CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	DESCONTO SOBRE PREZO	VALORACIÓN	LICENCIADO EN XEOLOXÍA	VALORACIÓN	PLATAFORMA WEB	VALORACIÓN	VALORACIÓN TOTAL
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	17,50	32,60%	45,64	SI	20	SI	11	94,14
INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	20,00	35,00%	49	SI	20	SI	11	100,00

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.

EXPEDIENTE 2025CON02_000012 CONTROL CALIDADE. LOTE 3								
LICITADOR	CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	DESCONTO SOBRE PREZO	VALORACIÓN	LICENCIADO EN XEOLOXÍA	VALORACIÓN	PLATAFORMA WEB	VALORACIÓN	VALORACIÓN TOTAL
EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.	17,50	20,80%	29,12	SI	20	SI	11	77,62
INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	20,00	35,00%	49	SI	20	SI	11	100,00

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa.”

16. Acta da mesa de contratación do día 27 de marzo de 2025, con CSV: IV7SSTYZNT5JLZJ5QEGT64CWK4, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar expónse que, no tocante ao lote 1, a Mesa de Contratación, reunida o 14 de marzo de 2025, acordou conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, ao licitador Investigación y Control Lugo S.L. , por un prazo de cinco días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	13/126



Con data 18 de marzo deuse traslado á empresa do trámite de xustificación de oferta anormalmente baixa. A empresa presentou xustificación con data 20 de marzo, en prazo.

A Unidade de Proxectos emitiu informe, con CSV: IV7SQHTNJRH7XVN62X754XYSP4, que conclúe que se considera xustificada a oferta presentada pola empresa INVECO S.L.

A Mesa acorda aceptar o informe técnico e, en consecuencia, propoñer que pola Presidencia se adopte a seguinte Resolución:

1º.- Aceptar a xustificación da oferta presentada pola empresa Investigación y Control Lugo S.L. para o lote 1 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo.

2º.- Clasificar aos licitadores admitidos para o Lote 1 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, atendendo a seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	100
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA	55,22

3º.- Clasificar aos licitadores admitidos para o Lote 2 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, atendendo a seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	100
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA	94,14

4º.- Clasificar aos licitadores admitidos para o Lote 3 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, atendendo a seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	INVESTIGACIÓN Y CONTROL LUGO S.L.	100
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA	94,14

3º.- Requerir á empresa Investigación y Control Lugo S.L., para que presente para os lotes 1, 2 e 3 da contratación, dentro do prazo de dez días hábiles, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	14/126





LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA (cláusula 10.3 do PCAP)
Lote 1	33.503,96	3.350,40
Lote 2	107.497,79	5.374,89
Lote 3	16.602,76	830,14

17. Resolución da Presidencia do día 7 de abril de 2025, con CSV: IV7S4SRCN763R7EO4RETG3QGEY, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor clasificado para cada lote.

18. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 09 de abril de 2025.

19. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 11 de abril de 2025, así como a través da sede electrónica da Deputación, por dificultades de tipo técnico, na mesma data (Expediente 2025/PES_03/007244.

20. Acta da mesa de contratación do día 22 de abril de 2025, onde se recolle o seguinte:

“Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, comproba que a documentación presentada é correcta. Incorporouse certificación de apoderamento emitida polo Rexistro de contratistas da Xunta de Galicia, certificado do Servizo de Recadación da Deputación de estar o corrente das obrigas con esta administración.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

No tocante as cartas de pago das garantías constituídas, a mesa de contratación detecta que por erro, se lle requeriu á empresa adxudicataria o depósito da garantía definitiva por un importe inferior ao debido, polo que se propoñer que pola Presidencia se adopte a seguinte resolución:

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	15/126



I. Rectificar o erro detectado na Resolución da Presidencia do 7 de abril de 2025, con CSV: IV7S4SRCN763R7E04RETG3QGEY, no tocante aos importes da garantía definitiva, de tal maneira que:

Onde di:

	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA (cláusula 10.3 do PCAP)
Lote 1	33.503,96	3.350,40
Lote 2	107.497,79	5.374,89
Lote 3	16.602,76	830,14

Diga:

	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (importe ofertado sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA (cláusula 10.3 do PCAP)
Lote 1	51.544,56 €	5.154,46 €
Lote 2	165.381,21 €	8.269,06 €
Lote 3	25.542,70 €	1.277,14 €

II.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao proposto como adxudicatario, para que complete as garantías depositadas ou deposite novas garantías polos importes rectificadas.”

21. Resolución da Presidencia do día 30 de abril do 2025, con CSV: IV7S7S2YZX4J5GWCSQAWCZYCEA, pola que rectifica o erro detectado no importe das garantías, e se require ao proposto como adxudicatario que complete as mesmas.

22. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 30 de abril de 2025.

23. Garantía definitiva, presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 30 de abril de 2025.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, comproba que as garantías depositadas foron completadas polo importe restante.

A mesa de contratación acorda elevar á Xunta de Goberno que, previa fiscalización, adopte o seguinte acordo:

I. Adxudicar os lotes 1, 2 e 3 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, a favor da empresa Investigación y Control Lugo S.L., por importe máximo de 242.468,46 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 50.918,38 €, o que fai un total de 293.386,84 €, atendendo ao seguinte desglose:

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	16/126





	Ano	Importe adjudicación IVE incluído
LOTE 1. UNIDADE DE PROXECTOS	2025	18.190,94 €
	2026	31.184,46 €
	2027	12.993,52 €
LOTE 2. VÍAS E OBRAS	2025	58.365,78 €
	2026	100.055,63 €
	2027	41.689,85 €
LOTE 3. PARQUE MÓBIL	2025	9.014,44 €
	2026	15.453,33 €
	2027	6.438,89 €

A adjudicataria oferta unha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios recollidos no “Anexo Presupuesto” do prego de prescricións técnicas dun 35%, a dispoñer na execución do contrato dun licenciado en Xeoloxía ou titulación equivalente cun mínimo de 10 anos de experiencia en traballos de control de calidade e poñer a disposición da administración contratante a información xerada pola execución dos traballos executados mediante plataforma web de acceso directo para o persoal autorizado.

II.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adjudicar os lotes 1, 2 e 3 da contratación do servizo de control de calidade das obras e actuacións da Deputación de Lugo, a favor da empresa Investigación y Control Lugo S.L., por importe máximo de 242.468,46 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 50.918,38 €, o que fai un total de 293.386,84 €, atendendo ao seguinte desglose:

	Ano	Importe adjudicación IVE incluído
LOTE 1. UNIDADE DE PROXECTOS	2025	18.190,94 €
	2026	31.184,46 €
	2027	12.993,52 €
LOTE 2. VÍAS E OBRAS	2025	58.365,78 €
	2026	100.055,63 €
	2027	41.689,85 €
LOTE 3. PARQUE MÓBIL	2025	9.014,44 €
	2026	15.453,33 €
	2027	6.438,89 €

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	17/126



A adxudicataria oferta unha porcentaxe de baixa sobre os prezos unitarios recollidos no “Anexo Presupuesto” do prego de prescricións técnicas dun 35%, e obrígase a dispoñer na execución do contrato dun licenciado en Xeoloxía ou titulación equivalente cun mínimo de 10 anos de experiencia en traballos de control de calidade e poñer a disposición da administración contratante a información xerada pola execución dos traballos executados mediante plataforma web de acceso directo para o persoal autorizado.

O mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades 2025, 2026 e 2027; para a anualidade 2025, existe crédito nas aplicacións sinaladas; e, para as anualidades 2026 e 2027, a Deputación, adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír, no orzamento do 2026 e 2027, a/s cantidade/s indicada/s na/s aplicación/s orzamentaria/s correspondentes.

2º.- A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade dunha prórroga anual. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato, salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodárase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

1. Velar polo cumprimento deste convenio.
2. Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
3. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
4. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
5. E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	98/126





exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	99/126



de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso- administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.”

2º.- Aprobar o gasto de 530.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2025, a favor do Concello de Lugo, para a cooperación no financiamento de gastos derivados da organización e execución de “Actividades Culturais 2025”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA PÚBLICA DE CONCORRENCIA PÚBLICA E ADXUDICACIÓN MEDIANTE POXA PARA O ALLEAMENTO DE EFECTOS NON UTILIZABLES ALMACENADOS NA NAVE PROVINCIAL SITUADA NO CONCELLO DE BEGONTE E APROBACIÓN DUN NOVO PROCEDEMENTO POR LOTES.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto que con data 28.02.25 a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, acorda, entre outros, Aprobar a tramitación do procedemento de concorrancia pública para o alleamento dos efectos non utilizables almacenados na nave provincial situada no Concello de Begonte por medio de poxa pública á alza e aproba o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento de concorrancia pública de alleamento e a súa adxudicación.

Visto que con data 07.03.25 publícase a través do Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público o anuncio da licitación e o prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento de concorrancia pública.

Visto que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, constitúese, con data do 04.04.25 a Mesa de poxa e reúnense todos os seus integrantes para a celebración da sesión, dándose conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, non existen licitadores que presenten oferta para este procedemento acordándose por unanimidade da Mesa propoñer ao órgano competente a declaración de deserto do procedemento, como reflexa a Acta asinada día 07.04.25 baixo o CSV: IV7S4SHPJUJL7X5PWYYRC43TCU.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	100/126





Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio de data do 07.04.25 baixo o CSV: IV7S4SIIN37232JMCP4XKBY7B4 no que expresa que considera axustadas ao prego reitor do procedemento as conclusións da Mesa de poxa para a formulación da proposta de declaración de deserto do procedemento, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Visto o informe da Sección de Inventario do 07.05.25 e CSV: IV7SYKHTDQPCRTWJ25FGD7RFKA no que, entre outros, relaciona os mobles agrupados por lotes e por categoría de bens susceptibles de alleamento.

Visto o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do 12.05.25 baixo o CSV: IV7SYMBIB40SZXUMYQ4DGADW64 no que tendo en conta a antedita formulación da proposta de declaración de deserto do procedemento tramitado no expediente 2024/XEN_01/003783, e os antecedentes e informes que o conforman, redacta o 12.05.25 baixo o CSV IV7S2THIJ4703DNTADWCCR2GJ4, o prego reitor coas condicións xerais da tramitación do presente alleamento mediante poxa de lotes que servirán para a adxudicación dos lotes dos efectos mobles pretendidos. Conclúe que se axusta á lexislación vixente e pode someterse á consideración da Xunta de Goberno para a súa aprobación.

A Intervención Provincial conclúe no seu informe do 13.05.25 asinado baixo o CSV IV7S2W3DF5X03NE0257QN5AE0U, (...) que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de alleamento mediante poxa por lotes, dos bens relacionados no expediente non utilizables almacenados na nave provincial situada no Concello de Begonte (2025/XEN_01/001678) (...).

Por todo o anteriormente exposto, a teor do artigo 59.10 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Declarar deserto o procedemento de concorrencia pública e adxudicación mediante poxa para o alleamento do único lote de efectos non utilizables almacenados na nave provincial situada no Concello de Begonte do procedemento tramitado no expediente 2024/XEN_01/003783.

2º.- Aprobar a tramitación do procedemento de concorrencia pública para o alleamento por lotes dos efectos non utilizables almacenados na nave provincial situada no Concello de Begonte por medio de poxa pública á alza (Expte 2025/XEN_01/001678)

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	101/126



3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrancia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adxudicación.

4º.- Proceder á convocatoria pública e a exposición das bases que regularán o presente procedemento de alleamento e a súa adxudicación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE DA PERDA DE DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CASTAÑO Y NOGAL PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DAS ACTUACIÓNS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DA RUTA DE SENDEIRISMO QUINTÁ- RÍO DONSALE NA ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Medio Ambiente no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2024/CCP_01/000052) dende o Servizo de Medio Ambiente emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

1. Na Xunta de Goberno celebrada o día 16 de febreiro de 2024, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían rexer no procedemento de concorrancia para a concesión.
2. O extracto do acordo polo que se aproba a referida convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 043 do mércores 21 de febreiro de 2024.
3. O día 23 de agosto de 2024, a Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial resolveu definitivamente outorgar á Asociación Castaño y Nogal, unha subvención en réxime de concorrancia competitiva por importe de 2.835,75 euros, co obxecto de colaborar coa finalidade “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal” na anualidade 2024.
4. A actividade subvencionada atópase incluída dentro dos obxectivos da liña 10.3 Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses, do Plan estratéxico de subvencións para as anualidades 2023-2025, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 20 de xaneiro de 2023 e a actualización correspondente á anualidade 2024 por acordo da

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	102/126



Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2024, e que esta subvención se tramita de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2024.

5. A documentación correspondente á conta xustificativa desta subvención, presentada os días 24.01.2025 e 11.02.2025 foi revisada pola Intervención da Deputación de Lugo (CSV: IV7SUSY4HJWLLOE5Y4MF6BIHEM).

6. Segundo o establecido na base 11 "Xustificación e aboamento das subvencións" das bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 16 de febreiro de 2024, entre outra documentación, é necesario presentar o Anexo IV "Memoria conta xustificativa" xunto con:

"Debe incluírse xunto con este Anexo, unha memoria explicativa das actuacións realizadas, asinada polo representante legal da entidade, que evidencie o cumprimento do proxecto achegado pola entidade beneficiaria na súa solicitude e que foi obxecto de valoración na convocatoria, incluíndo reportaxe fotográfico e soportes que se utilizaron na publicidade da actividade subvencionada".

Na base 5 "Requisitos que deberán reunir as entidades beneficiarias" da convocatoria de subvencións, no apartado 3 "Obrigas das entidades beneficiarias" establécese ao respecto:

"En todos os soportes publicitarios ou de promoción e difusión da actuación, as entidades beneficiarias da subvención incluírán xunto coa frase "Actividade subvencionada por", as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso). Estas imaxes serán facilitadas pola Institución Provincial."

7. Unha vez revisada a documentación xustificativa presentada polo beneficiario, detectouse que nas fotografías que se presentaban na memoria xustificativa non se podía apreciar que o soporte publicitario de promoción e difusión da actuación incluía xunto coa frase "Actividade subvencionada por", as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

8. Por todo o exposto, pola Presidencia desta Excm. Deputación de Lugo, o 18 de marzo de 2025, ditouse Resolución pola que se acordaba:

"1. Requerir á Asociación Castaño y Nogal, para que no prazo de 10 días, emende a documentación sinalada, advertíndoselle, que a non presentación da documentación xustificativa requirida, no prazo sinalado, levará consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto nos puntos 11 e 12

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	103/126



das bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024.

2. Notificar á Asociación Castaño y Nogal a Resolución adoptada.”

9. En cumprimento do antedito e de acordo co apartado 2 do artigo 71 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e coa base 11 “Xustificación e aboamento das subvencións” das bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 16 de febreiro de 2024, o día 20/03/2025 con nº de rexistro de saída 2025RPS004060, notificóuselle ao beneficiario de xeito electrónico o requirimento para que no prazo de 10 días, emendase a documentación de xustificación (fotografía que evidenciase que o soporte publicitario de promoción e difusión da actuación incluía xunto coa frase “Actividade subvencionada por”, as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses), advertíndolle que a non subsanación da conta xustificativa no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto nos puntos 11 e 12 das bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024.

10. O día 31 de marzo de 2025 xerouse o acuse automático de rexeitamento da documentación, ao non acceder o interesado ao contido da notificación no prazo establecido, e polo tanto rematando o prazo de presentación da documentación xustificativa o día 14 de abril de 2025.

11. Non consta que a entidade beneficiara emendase a documentación xustificativa requirida.

Aos antecedentes expostos son de aplicacións as seguintes,

Consideracións xurídicas- administrativas.

1. Segundo o establecido na base 11 “Xustificación e aboamento das subvencións” das bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 16 de febreiro de 2024, entre outra documentación, é necesario presentar o Anexo IV “Memoria conta xustificativa” xunto con:

“Debe incluírse xunto con este Anexo, unha memoria explicativa das actuacións realizadas, asinada polo representante legal da entidade, que evidencie o cumprimento do proxecto achegado pola entidade beneficiaria na súa solicitude e que foi obxecto de valoración na convocatoria, incluíndo reportaxe fotográfico e soportes que se utilizaron na publicidade da actividade subvencionada”.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	104/126





Na base 5 “Requisitos que deberán reunir as entidades beneficiarias” da convocatoria de subvencións, no apartado 3 “Obrigas das entidades beneficiarias” establécese ao respecto:

“- En todos os soportes publicitarios ou de promoción e difusión da actuación, as entidades beneficiarias da subvención incluírán xunto coa frase “Actividade subvencionada por”, as imaxes corporativas da Deputación de Lugo, e particularmente do Programa MaB da UNESCO e da Reserva da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses (segundo o caso). Estas imaxes serán facilitadas pola Institución Provincial.”

Na base 12 “Prazos de xustificación” da convocatoria de subvencións:

“Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario/a, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2025.

De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015 (LPACAP), establécese a obriga de que a entidade beneficiaria se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos.”

2. Segundo o establecido no apartado 2 do artigo 71 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS):

“Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos subsanables na xustificación presentada polo beneficiario, o porá no seu coñecemento concedéndolle un prazo de dez días para a súa corrección.”

3. No artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) recóllese expresamente que:

“1. Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente fíxese prazo distinto.

(...)

3. Aos interesados que non cumpran o disposto nos apartados anteriores, poderáselles declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Con todo, admitírase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, se se producise antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	105/126



4. Segundo o establecido no apartado 3 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS):

“O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos en la normativa reguladora de la subvención.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 desta lei.”

No mesmo senso, o artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón literalmente que:

“1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o establecido no artigo 42 [procedemento de reintegro] da Lei Xeral de Subvencións”

5. No artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, recóllese como causa de reintegro o “c) Incumplimento da obriga de xustificación ou da xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta Lei, e no seu caso, nas normas reguladoras da subvención”.

6. Segundo o establecido no apartado 2 do artigo 94 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

“O acordo será notificado ao beneficiario ou, no seu caso, é entidade colaboradora, concedéndolle un prazo de quince días para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes.”

7. O órgano competente para iniciar o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención é a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo xa que foi o órgano concedente da subvención (artigo 41 da LXS).

Conclusiones.

Por todo o exposto infórmase favorablemente que o Deputado delegado da Área de Medio Ambiente propoña á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

1. Declarar decaído ao representante da Asociación Castaño y Nogal, no seu dereito ao trámite de emenda da documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, reguladoras da subvención en réxime de concorrencia competitiva outorgada á Asociación Castaño y Nogal para sufragar gastos derivados

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	106/126





das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, de acordo co establecido no artigo 73.3 da LPACAP.

2. Acordar o inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrència competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Castaño y Nogal para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. Comunicar ao representante da Asociación Castaño y Nogal que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrència competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Castaño y Nogal para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS.”

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar decaído ao representante da Asociación Castaño y Nogal, no seu dereito ao trámite de emenda da documentación xustificativa dos gastos enmarcados dentro das bases da convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024, reguladoras da subvención en réxime de concorrència competitiva outorgada á Asociación Castaño y Nogal para sufragar gastos derivados das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, de acordo co establecido no artigo 73.3 da LPACAP.

2º.- Iniciar o procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrència competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Página	107/126	

Asociación Castaño y Nogal para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, por xustificación insuficiente en base ao establecido no artigo 89 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e no artigo 37.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3º.- Comunicar ao representante da Asociación Castaño y Nogal que dispón de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución do inicio do procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención en réxime de concorrència competitiva outorgada pola Excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación Castaño y Nogal para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución das “Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá- río Donsal (accións de desbroce, limpeza e mantemento da ruta)” na anualidade 2024, para que alegue ou presente os documentos que estime pertinentes (en base ao establecido no artigo 94.2 do RLXS).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/023, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024”, de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/023, correspondente ao MVMC de Vilabade as obras de “Acondicionamento Contorna Area Recreativa da Capela do Carme Recuperación 3 Fontes”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €.

Terceiro.- O MVMC de Vilabade, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	108/126	



Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Vilabade (Castroverde), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/023, destinada ás obras de “Acondicionamento Contorna Área Recreativa da Capela do Carme Recuperación 3 Fontes” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO, COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO PRIMEIRO. OE 2023. IB) TAXA ESPECÍFICA Á QUE SE REFIRE A LOXE 2023, ART. 20.DOS.4, IB)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IB)1.1 COTA XERAL, POLO SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente a praza do cadro de persoal funcionario que a continuación se indica, vacante e dotada, incluída na Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	109/126



28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15.01.2024 (BOP núm. 015, do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165, do 17.07.2024), figura no apartado primeiro. OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, IB) 1 réxime Xurídico administrativo, IB)1.1 Cota xeral, polo sistema de concurso - oposición libre e aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

2. Caracterización da praza.

Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN	OEP	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	COTA
1	2.023	973	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS	1.693	ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A OBRAS PÚBLICAS ENTRADA	Escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios	A-A2	Xeral

3. Normativa de aplicación.

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal funcionario están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Lei 30/1984, do 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).

Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).

Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP núm. 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 03.09.2020)

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY	Página	110/126





Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026, do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

4. Consideracións xurídicas e técnicas.

A) Convocatoria.

A praza que se pretende convocar esta incluída na oferta de emprego público do ano 2023 apartado primeiro. OE 2023. IB) taxa específica á que se refire a LOXE 2023, art. 20.dos.4, non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal funcionario como vacante dotada, cumpríndose o sinalado no:

Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(...) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".

Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (...), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.

O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso - oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:

Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (...). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (...)".

Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate...".

Artigo 8.3 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP núm. 226, do 30.09.2006), que sinala:

"Na Subescala Técnica (clase superior, media e auxiliar) poderá optarse polo sistema selectivo de concurso-oposición só en casos excepcionais, de forma motivada e sempre que respondan a unha situación específica e concreta das prazas que se

	IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Fecha y Hora	20/05/2025 14:03:55	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7S2OSYPVXOTW6PAEGUE4KHNY		Página	111/126	

convoquen e non pola súa soa natureza ou que esixan experiencia, habilidades e aptitudes propias da praza ou méritos moi específicos que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso”.

Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.

Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:

a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.

b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.

